



Sala 24

## **Arte galega: debuxo e gravado**

Nesta sala temos debuxos e gravados.

Un gravado é un debuxo.

Primeiro faise en pedra, madeira ou metal.

Despoisponse tinta líquida por enriba e pégase o papel.

Así pasamos o debuxo ao papel.

Podemos repetilo todas as veces que queiramos.

As obras desta sala son de diferentes artistas:

### **Manuel Bujados**

Foi pintor e debuxante.

Traballou para revistas moi importantes da súa época.

Estas revistas eran La Esfera, Banco y Negro e Nuevo Mundo.

Antonio Fernández López doou a este museo

30 obras de Manuel Bujados hai máis de 50 anos

### **Maruja Mallo**

Desta pintora nada en Viveiro temos un debuxo feito a lapis.

### **Mariano Tito Vázquez**

Hai dous retratos feitos por este artista.

### **Luís Seoane**

Varios gravados con figuras de insectos.

### **Os carteis de El Cebrero, Vivero e Mondoñedo**

Ao fondo da sala hay tres carteis.

Son como anuncios turísticos da provincia de Lugo.

Fixéronse para a exposición Iberoamericana

de Sevilla de hai case 100 anos.

Son de autores diferentes.

- O cartel onde pon El Cebrero é de Camilo Díaz Baliño.
- No que está escrito Vivero é de Manuel Bujados.
- Suárez Couto realizou o de Mondoñedo.